

CEIP FREI LUÍS DE GRANADA



ESCOLA EMOCIONANTE



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

SUMARIO

MES DE SETEMBRO, QUE GAÑAS DE REGRESAR A CASA...
UN NOVO FREI LUÍS ESTÁBANOS AGARDANDO!

UNHA REAPERTURA RECARGADA DE NOVOS PROXECTOS E ILUSIÓNS.
O TRABALLO DE CONSTRUIR UN NOVO "FOGAR " NON ERA SINXELO, PERO SÍ UN
GRAN RETO PARA O QUE ESTABAMOS PREPARADOS DESPOIS DUNHA LONGA E
COMPLICADA ESPERA.
AGORA CHEGADO XUÑO E RETORNANDO AO PASADO, PENSAMOS QUE ESTE CURSO
ESTIVO CARGADO DE GRANDES E INOLVIDABLES MOMENTOS.

AQUÍ O DÍA A DÍA DO CURSO 2021/2022...

O NOVO CURSO COMEZOU TRISTE COA DESPEDIDA DUN GRAN MESTRE E
COMPAÑEIRO, O OUTONO DECOROU AS NOSAS AULAS E O SAMAIÑ ATEMORIZOUNOS
COAS VOSAS TERRORÍFICAS CABAZAS.

NO DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO AS BOLBORETAS REVOLOTEARON POLA
NOSA ESCOLA ESPALLANDO MENSAXES CARA O EXTERIOR
EN PROL DA IGUALDADE .

A RITMO DA "MARCHA RADETZKY " ENTRAMOS NUN "DOCE NADAL". AS NOSAS
GAÑAS DE ENDULZAR AOS MÁIS QUERIDOS COCIÑARON UNHAS PRECIOSAS TARXETAS
NAVIDEÑAS E CO "BINGO DE NADAL " E A "GRAN CHOCOLATADA" DISFRUTAMOS NA
ESCOLA DAS FESTAS.

O "EFECTO TANXUGUEIRAS" LEMBROUNOS QUE NON HAI FRONTEIRAS E SENTIMOS
O ORGULLO DE PERTENZA Á NOSA TERRA.

POLO DÍA DA PAZ OS NOSOS MELLORES DESEXOS DE LOITAR POR UN MUNDO
MELLOR CHEGARON ATA A ESTRATOSFERA.... SENDO INCONSCIENTES NESA DATA DO
QUE NOS VIÑA ENRIBA...

O ENTROIDO ENCHEUNOS DE COR E GAÑAS DE FESTA; O MECO ANIMOUNOS A
PARTICIPAR DUNHA FESTA NA QUE ROSALÍA FOI O NEXO DE UNIÓN E A GRAN
PROTAGONISTA, A SÚA POESÍA INUNDOUNOS E PUXEMOS EN VALOR A SÚA FIGURA.

O DÍA DA POESÍA UNIU A TODOS OS CENTROS DA COMARCA NUN PRECIOSO ACTO NA
PRAZA DA VILA .

AS VISITAS DO MES DE MAIO E AS TAN ANSIADAS EXCURSIÓNS DEVOLVÉRONOS
A ILUSIÓN E AS GAÑAS DE DISFRUTAR DOS COMPAÑEIRO/AS FÓRA DA AULA.

O PROXECTO VOZ NATURA ENRIQUECEU AS NOSAS INSTALACIÓNS E POR FIN
DISFRUTAMOS DUNHA AULA AO AIRE LIBRE NA QUE REALIZAR VARIADAS E
ENRIQUECEDORAS ACTIVIDADES.

ASÍ ÁS PRESAS CHEGOU O 17 DE MAIO E A TRAVÉS DE FLORENCIO DELGADO
GURRIARÁN CELEBRAMOS A FESTA DAS NOSAS LETRAS, NAS QUE FLORECERON
SEMENTES NOVAS EN CADA AULA.


ESPERAMOS QUE DISFRUTEDES DO RECOLLIDO NESTA 55ª EDICIÓNS DO NOSO
BENQUERIDO ANAQUIÑO QUE ANO TRAS ANO REFLECTE O DÍA A DÍA NA ESCOLA.

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA E O CLAUSTRO DE MESTRES
DESEXAMOS QUE DISFRUTEDES DO VERÁN E AXIÑA REENCONTRARNOS PARA
VIVIR UNHA NOVA AVENTURA.

FELIZ VERÁN TOD@S !

LEMBRANDO A XELA ARIAS

Nesta saída puidemos coñecer en persoa ao fillo de Xela, Darío Gil Arias, e a outros membros da súa familia que nos dedicaron unhas **palabras** ben fermosas.



Poema Xela Arias

HASME OÍR

agora busco que conxugues
ben o verbo dos posibles,
E que ti esquezas esa radio de
cousas previas
amarrada sempre ós pensamentos


Hasme oír: déixate
que te percibas a ti,
tamén atropelada das palabras,
Á procura de trazos que nos
describan

Seguido disto, puidemos gozar dunha interpretación da tradución de Xela Arias dos “**Contos ao teléfono**” de Gianni Rodari. Son uns fragmentos curtos e moi imaxinativos nos que ten cabida o humor.




LEMBRANDO A XELA ARIAS

O [alumnado](#) de terceiro do Ceip Frei Luís de Granada fixo unha saída á Casa da Cultura de Sarria para non nos esquecer de Xela Arias.



Que lle adicasen o día das Letras Galegas no ano 2021 foi toda unha festa para a vila sarriá, posto que [Xela Arias Castaño](#) foi unha escritora, poeta e tradutora moi importante, nada en Sarria.



LEBRANDO A XELA ARIAS

O señor Bianchi de Varese cóntallos á súa filla cada noite por teléfono, cumprindo así unha promesa que lle fixera, xa que seis de cada sete días os pasa viaxando por toda Italia e a súa filla non se pode ir para a cama sen escoitar un conto do seu pai. Un exemplo destes relatos leva por título “Xoán o distraído”, un neno chamado Xoán que de tan distraído que é vai perdendo partes do seu corpo pola rúa e quen as atopa lévallas a súa nai porque de tantas veces que lle pasa, xa se imaxinan que son de Xoán.



Ilustración de Bea Gregores que acompaña ao especial web “Xela e Giani”

Alumnos/as 3º Ed. Primaria

11 DE NOVEMBRO...



PREPARADOS!!!!

SEMANAS ANTES DO 11 DE NOVEMBRO OS PEÓNS XA BAILABAN NO PATIO DO FREI LUÍS. UNHA FESTA CON MOITA TRADICIÓN NA NOSA ESCOLA. XA EN INFANTIL COMEZAMOS A RODAR AS BAILARETAS, APRENDEMOS AS SÚAS PARTES, INVENTAMOS MALABARISMOS, XOGOS XA ESQUECIDOS QUE GRAZAS AOS NÓSOS AVÓS E MESTRES RECUPERAMOS, TUNEÁMOLAS AO NOSO GUSTO...

CANDO CHEGAMOS A 6º EP SOMOS XA UNS CRACKS!!!

PRESTA ATENCIÓN!!!

O PEÓN OLI TROMPO É UN DOS XOGUETES MÁIS ANTIGOS DA HUMANIDADE. MOITOS ANTROPÓLOGOS CREN QUE FOI DOS PRIMEIROS XOGOS INFANTÍS DE MOITAS CIVILIZACIÓNS.

NUN PASADO REMOTO FORON CONSIDERADOS OBXECTOS MÁXICOS, SÓ AO ALCANCE DE MEIGAS E FEITICEIROS QUE OS EMPREGABAN PARA PREDECIR O FUTURO.

POSTERIORMENTE PERDERON O SEU CARÁCTER MÁXICO E CONVERTÍRONSE NUN XOGO TRADICIONAL ESTENDIDO POR TODO O MUNDO.

MATERIAIS

MADEIRA FOLLA DE LATA PLÁSTICO ALUMINIO



TAMÉN PODEN ESTAR FEITOS DE PRODUTOS NATURAIS COMO SEMENTES, CANA, ÓSOS E MARFIL.

PARTES

PRUCHO

CAPA

CORDA

BARRIGA

FERRÓN



ED.FÍSICA





ATA O VINDEIRON SAN MARTIÑO!!!!!!



POLO SAN ANTÓN ...



PEÓNIS AO CAIXÓN!



ATA O VINDEIRON SAN MARTIÑO!!!!!!

TECENDO COS DEDOS



Aprendendo a reciclar, os nenos e nenas de segundo, fabricamos a nosa tecedora cun tubo de cartón e unhas pinzas de colgar a roupa.

Despois pasando a lá de cores cos dedos, saíronnos uns longos tubos tecidos que podemos utilizar de grilandas para a árbore de Nadal, para decorar botes ou para facer roupiña para os bonecos.



Por que non vos animades a facer estas manualidades tan orixinais?

2º DE PRIMARIA

TEMPO DE SAMAÍN!

FESTA DE ORIXE CELTA QUE REPRESENTA A FIN DO VERÁN, DAS COLLEITAS E O INICIO DO INVERNO.

ERA A DATA MÁIS PERIGOSA DO CALENDARIO CELTA PORQUE O MUNDO DOS MORTOS, O "OUTROMUNDO", FACÍASE ACCESIBLE PARA OS MORTAIS, PUDENDO PASAR A FORMAR PARTE DEL POR MOR DUN FEITIZO OU MEIGALLO.



OS CELTAS INTRODUCÍAN UNHAS CANDEAS RUDIMENTARIAS NO INTERIOR DAS CAVEIRAS DOS INIMIGOS MORTOS COLOCÁNDOAS NOS CRUCES DOS CAMIÑOS, NOS ARREDORES DAS MURALLAS DOS SEUS CASTROS... CO OXECTIVO DE ESCORRENTALOS.

ANOS DEPOIS O CRISTIANISMO ESCOLLEU ESTA DATA PARA CELEBRAR O DÍA DOS MORTOS E DEFUNTOS.

SAMAÍN E HALLOWEEN SON DÚAS FESTAS QUE ARRINCAN DA RAIZAME CULTURAL NA QUE NOUTRO TEMPO COINCIDÍAN O POBO GALEGO E O BRITÁNICO.



EXPOSICIÓN ON LINE

NO BLOG DO COLE DISFRUTAMOS DO ESPECTACULAR TRABALLO EN FAMILIA QUE ANO TRAS ANO COMPARTIDES CON NÓS.
NORABOA E GRAZAS POLA VOSA IMPLICACIÓN NESTA FESTA.
AGARRÁDEVOS AOS ASENTOS ANTES DE VER AS SEGUINTES IMAXES.



FESTA NO COLE!

TEÑO
UNHA DOR DE
CABEZA...



COMPAÑEIR@S...
QUEDOUVOS CLARO O
PLAN?..
NON ESQUEZADES NADA ...VAI
SER TERRORÍFICO...

TODOS
XUNTOS...1,2,3
UHHHHHHHHH



A POR
ELES...
QUE SE NOTE QUE OS
MAIORES DO COLE
SOMOS A
AUTORIDADE.



DISIMULEMOS
UN POUQUO...POÑEDE
CADA
"CORDEIRIÑOS".



QUEN SON
ESTES
"PÁJAROS"?
PENSAN QUE NOS
DAN MEDO?



MI
MADRIÑA...
ESTES ESTÁN
NOS ÓSOS!

A NOSA BIBLIOTECA...




Foron moitos os retos que tivemos que superar, pero como balance final dicir que aínda que non puido estar a disposición do alumnado todo o que queríamos, e non puido estar aberta no momento de lecer pola situación da Covid, dende o equipo de biblioteca valoramos como positivo o seu funcionamento. Recoñecer que a situación foi difícil, pero que as distintas actividades propostas dende o equipo realizáronse con moita ilusión. Houbo **visitas guiadas** para o alumnado, e novas **adquisicións de fondos** que estiveron de préstamo e a disposición da comunidade educativa...

Dende a biblioteca démoslle a **Rosalía** o recoñecemento que se merece, e así, aquí neste espazo terá nun lugar importante, polo que ela representa para os galegos e galegas, pola súa implicación para o **non esquecemento da nosa lingua**, e por ser unha muller precursora,




Tamén se editou un libro de aula co lema "**Cambiar o xogo é cambiar o mundo**", co fin de encamiñar ao alumnado a facer as nosas propias producións e que estas pasen logo, a ser fondos da biblioteca de centro. Os nenos e nenas xogaron e xogaron ... e con ese xogo intentamos guialos a flexibilizar a elección de xogo por roles de xénero. É tarefa da escola e familia camiñar xuntos cara **a igualdade**.

O poeta **Fiz Vergara Vilariño**, acercounos ao seu mundo, ás súas inxedanzas, á súa contorna natural, e nós mesmos e mesmas, grazas ás súas verbas, escribimos as nosas propias **poesías**, e confeccionamos un mural ilustrativo.



A **Semana das letras galegas 2022** tamén chegou a biblioteca:

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN



Rematar coa ...

Semana do libro. Foi interesante camiñar xuntos e ver como entre todos/as chegamos ...



De todo isto tedes máis información no blog da biblioteca:

<https://bibliotecaceipfreiluis.blogspot.com/>

COMEZAMOS PRIMARIA CON GRANDES PROYECTOS!

VOLCÁN EN ERUPCIÓN



O CAMIÑO DA AUGA





VERMES DE SEDA



NOVA AULA DE MÚSICA!!

O curso 2021 - 2022 puidemos por fin voltar ao noso centro recén remodelado e 100% seguro e entre as moitas remodelacións que tivo, unha a destacar, foi a aula de música.


Esta aula antes estaba na segunda planta e agora está na primeira e ademais, é moito máis grande, ten unha ampla zona para bailes e xogos e está mellor equipada.

Queredes vela??






Ao inicio do curso houbo moito, moito traballo por diante, como por exemplo:



pensar a distribución da aula, trasladar e colocar o mobiliario (armarios, estantes, mesas, sillas...), colgar o encerado e o proxector e en definitiva, colocar todo o material da aula (instrumentos, xogos...).

Non foi doado pero "pasiño a pasión, faise o camiño" e como podedes ver, quedou unha clase ES-PEC-TA-CU-LAR !!!



O PRESENTE E O PASADO DA NOSA LOCALIDADE



TORREÓN DE BATALLÓN



SUS PALABRAS AQUÍ---

RÚA MAIOR



ESTACIÓN DO FERROCARRIL



CRUCE DA AVENIDA





PASEO DO MALECÓN



PRAIA FLUVIAL O CHANTO



1º A

ÁS PARA VOAR LIBRES

XORDEN AS NOSAS BOLBORETAS DA PEGADA DE MINERVA, PATRIA E MARÍA TERESA, IRMÁNS DOMINICANAS ALCUMADAS "LAS MARIPOSAS" QUE FORON ASASINADAS O 25 DE NOVEMBRO DE 1960 POLO DITADOR TRUJILLO DEBIDO Á SÚA CONSTANTE LOITA POR REMATAR CAS INXUSTIZAS QUE SOFRÍAN AS MULLERES NA SÚA ÉPOCA.

TRALA SÚA MORTE CONVERTÍRONSE NUN SÍMBOLO DA LOITA POLA IGUALDADE E A DATA DO SEU PASAMENTO NA MOMENTO ELIXIDO PARA CELEBRAR O DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

BAIXO O LEMA "ÁS PARA VOAR LIBRES" TODOS OS NEN@S DO COLE PARTICIPARON NA ELABORACIÓN E DECORACIÓN DUNHAS FERMOAS BOLBORETAS QUE ESPALLARON OS SEUS DESEXOS DE CAMBIO.





25 N





EDUCANDO EN IGUALDADE





"TODAS AS APRENDIZAXES

MÃIS IMPORTANTES DA VIDA

FÃNSE XOGANDO"


FRANCESCO TONUCCI



Formación de Profesorado



Os mestres do Freí Luis tamen somos alumnos, movidos pola inquedaanza de mellorar e chegar o noso alumnado este ano seguimos ca formación no centro. Buscando unha aprendizaxe motivante na que o alumnado sexa o protagonista dun proceso activo e participativo apostamos por unha formación en Metodoloxías activas e Plan Dixital, esenciais na educación actual.



2021

O NADAL MÁIS DOCE DO MUNDO!



RECEITA MÁXICA

3 TACIÑAS DE ILUSIÓN
1 COPA DE AMIZADE
1 CHORRO DE TENRURA
1 LITRO E MEDIO DE AMOR

MESTURA TODO E METE NO FORNO
ENVOLVE CON SORRISOS, LOCES E
CANCIONS
SERVE CON LEDICIA E
A DISFRUTAR UN MONTÓN!

UNHA MANCHEA DE ACTIVIDADES CHEGARON POLO NADAL...
GRAZAS AO NOSO QUERIDO CHEF ÓSCAR DEGUSTAMOS UN RIQUESIMO
CHOCOLATE CON CHURROS.

MI
MADRIÑA...
MENUDOS
LAMBONS!..

ESTÁ PARA
CHUPAR OS
DEDOS!

EU
QUERO
REPETIR...





CASIÑA DE PAPÁ NOEL



A ARBORE DOS DESEXOS



CA PROFE ANDREA VIAXAMOS ATA VIENA ...SOÑAMOS QUE ERAMOS OS PROTAGONISTAS DO CONCERTO DE ANINOVO E AO COMPÁS DA "MARCHA RADETZKY" FELICITÁMOSVOS AS FESTAS CON ESPECTACULARES PERCUSIÓNS CORPORAIS. GUSTOUVOS?-A NÓS MOITO!



[HTTPS://DRIVE.GOOGLE.COM/FILE/D/1LWHL0MTU-0A4D_X2FIRLALQRVENMAD0Y/VIEW](https://drive.google.com/file/d/1LWHL0MTU-0A4D_X2FIRLALQRVENMAD0Y/view)

SILENCIO POR FAVOR VAI BOLA... PASÁMOLO XENIAL XOGANDO AO BINGO!!



VESTIMOS O COLE PARA A OCASIÓN GRAZAS ÁS FERMOAS TARXETAS DE NADAL QUE ANO TRAS ANO ELABORAMOS CON ESFORZO E ILUSIÓN.







FOLIADA DE NADAL




30 XANEIRO DÍA DA PAZ






**NON HAI
FRONTEIRAS!**


Mil grúas de papel pola paz



Os nenos e nenas de 6ºA convertéronse en comisarios de paz. Quixeron levar un anaco da historia de Sadako e as grúas de papel a todas as aulas do Frei Luís. Para iso, enviaron unha carta compartindo o que aprenderon sobre a nena xaponesa, e acompañaron a misiva cunha grúa de origami feita por eles.



14 de febreiro, Día de San Valentín



QUÉROME

Este ano, os nenos e nenas de 4 anos dedicamos o Día de San Valentín a querernos, a recoñecer a nosa propia valía, a facernos respectar...



SON CAPAZ



SON IMPORTANTE



Aprendemos que o AMOR A UN MESMO resulta fundamental para medrar e poder desenvolvernos con CONFIANZA e SEGURIDADE...



CÓIDATE!!



VALÓRATE!!



RESPECTATE!!



CONFÍA EN TI!!



QUÉRETE!!



Namorados da nosa

L I N G U A




Día de Rosalía



Para celebrar o día de Rosalía, o 23 de febreiro, os nenos e nenas de 4º fixemos un mural que creo que nos quedou ben lucido. *Si é que somos uns artistas!*

Non pensedes que foi sen traballo, adicámoslle tempo e esforzo. Mais a homenaxeada ben o merece. Nas imaxes inferiores podedes ver con máis detalle as mensaxes e adornos que aparecen.







E aquí estamos os artistas, para que vexades o guapiños que somos. Aínda que nos vexades con plumas, non somos unhas pitas. *E que estábamos celebrando o Entroido!*



ROSALÍA ENTROU NAS NOSAS AULAS.
O SEU ESPÍRITO, A SÚA FORZA O SEU AMOR POR GALICIA E ÁS VERBAS..SACOU O
MELLOR DE NÓS NA CELEBRACIÓN DO SEU DÍA.





ENTROIDO ROSALIANO



MOITAS ERAN AS GAÑAS DE TROLLA! E SEN PENSALO TRAS O DÍA DE ROSALÍA CHEGABA A SEMANA MÁIS DESEXADA POLOS NÓSOS ALUMNOS/A, A SEMANA DE ENTROIDO!

O MECO TRAÍAMOS UNS MANDADIÑOS MOI ESPECIAIS BASEADOS NA CANCIÓN "ROSALÍA PEQUEÑINA" DE UXÍA SENLLE.




Luns	Rosalía pequenaña soñaba con ser PIRATA a pequena Rosalía escribía na nosa fala.	
Martes	Rosalía pequenaña medio MEIGA , medio FADA ao pé da verde silveira chamando pola alborada.	
Mércores	Rosalía pequenaña VESTIDA DE MOITAS CORES que non canta nin ás pombas nin ás delicadas flores.	
Xoves	Rosalía, NENA INDIA , poeta dos nosos días que pos no sentir do pobo badaladas de alegría.	
Venres	Rosalía pequenaña non é musa nin postal o venres é o teu día, de que te queres disfrazar?	

O NOSO MECO






FESTIVA KARNAVALA!





DÍA DA MULLER



Como ben sabedes, o 8 de Marzo celébrase o Día Internacional da Muller. Este ano no Frei Luís fixemos un vídeo reflexivo-experimental a nivel centro no que participaron alumn@s de cada nivel educativo. O vídeo tratou sobre a desigualdade económica que a día de hoxe aínda sofren moitas mulleres nos seus postos de traballo.

Cal foi a reacción dos nenos/as**INCRÍBLEMENTE FANTÁSTICA. QUEREDES VELO?**


https://drive.google.com/file/d/1Ii354JRKuao5SuEVak9XL0H_uNThr4fT/view



A nivel aula cada titoría aportou o seu graniño de area realizando actividades como vídeos, murais, lecturas, marcapáxinas, dípticos,...





A MULLER MÁIS IMPORTANTE
NA MIÑA VIDA É...



O gran obxectivo é
traballar a igualdade entre
homes e mulleres e LOITAR
POLA PARTICIPACIÓN e o
EMPODERAMENTO DA
MULLER en todos os
ámbitos da sociedade.
Nós estamos convencidos
de que o noso traballo non
será en balde e que cada día
estamos máis cerquiña de
consegui-la.

OXALÁ SEXA PRONTO





O NOSO PENSAMENTO ESTIVO CAS MULLERES UCRÁINAS E OS MOMENTOS TAN DUROS QUE ESTABABAN A VIVIRERA O COMEZO DA GUERRA. DENDE O FREI LUÍS MANDÁMOSLLES TODA A NOSA FORZA .

O País dos mandóns



Chegou o 8 de marzo e con el unha conmemoración moi especial:

O Día da Muller.

Para festexalo por todo o alto, os alumnos e alumnas de 6ºA realizaron un teatro de sombras para contarlle ao resto do cole o álbum ilustrado "O País dos Mandóns" que nos fala da importancia da igualdade entre homes e mulleres.



Escanea o código QR para ver o teatro de sombras en vídeo.



PORQUE QUEREMOS VIVIR NO PAÍS DA IGUALDADE
XUNTOS, LIBRES E FELICES

O PAÍS DA IGUALDADE



VOZ NATURA



PROXECTO MEDIOAMBIENTAL DE GALICIA DESENVOLVIDO POLA FUNDACIÓN SANTIAGO REY LATORRE QUE TRABALLA EN PROL DA CONCIENCIACIÓN E IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR GALEGA NA RECUPERACIÓN E DEFENSA DA NATUREZA. O NOSO COLE É UN DOS MÁIS DE 300 CENTROS QUE FORMAN A REDE DE ESCOLAS QUE REALIZAN ACCIÓNS DIRECTAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN E COIDAD DO RÍOS, MONTES E PRAIAS, PROMOCIÓN DOS VALORES PAISAXÍSTICOS, CONSUMO RESPONSABLE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE, FOMENTO DA REUTILIZACIÓN, RECICLAXE E REDUCIÓN...

CREACIÓN DUNHA AULA MEDIOAMBIENTAL



QUE GAÑAS TIÑAMOS....POR FIN VIU A LUZ O NOSO GRAN PROXECTO. UNHA AULA AO AIRE LIBRE NA QUE OS NOSOS ALUMNOS/AS SE SINTEN FELICES EN CONTACTO COA NATUREZA, APRENDEN ,REALIZAN OBRADOIROS E DISFRUTAN COS SEUS COMPAÑEIROS.



RECICLAXE



PLANTACIÓN DE CASTIÑEIROS



ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS



CONCIENCIACIÓN



RECOLLEITA DE OUTONO



O NOSO COMPOSTEIRO



SEMENTEIRA DE LEGUMES

SAÍDAS AO ENTORNO



DISFRUTAMOS DAS SAÍDAS AO CHANTO , OBSERVAMOS OS CAMBIOS QUE AS ESTACIÓNS PRODUCEN NA PAISAXE, IDENTIFICAMOS AS ÁRBORES, DESCOBRIMOS OS NIÑOS DOS PAXAROS, SORPRENDEMOS COA VARIEDADE DA FAUNA FLUVIAL...



O FUTURO NAS NOSAS MANS!



DÍA DA POESÍA

O día 23 de Marzo moitos alumnos da comarca de Sarria, como por exemplo os sextos do CEIP Frei Luis de Granada, os de Oural, Incio, Paradela, os da ESO do Xograr, xuntámonos na Praza da Vila para homenaxear a un gran escritor galego:

FIZ VERGARA VILARIÑO.


Nese día nenos e nenas de todos os cursos lemos poemas deste gran escritor, como por exemplo *Animaliño Inxel, Pastora de sorrisos ...*

Todos levamos uns tubos que decoramos nos mesmos cada quén como quixo, algúns con bandeiras, outros con raias...E usámoslos para berrar e transmitir a poesía a través deles por toda Galicia.



Ese día pasámolo todos xenial tanto profesores como alumnos cantamos, bailamos (ao ritmo da canción das Tranxugueiras e das cancións de Siniestro Parcial), berramos, lemos.

Todo en honor e co propósito de levar a Fiz ata as Letras Galegas polo seu mérito por defender a lingua galega e regalarnos a súa fermosa poesía.





FIZ PROTAGONISTA DAS LETRAS XA!

A primavera

Nas aulas de 5 anos, levamos a cabo un proxecto sobre as plantas, as árbores e a importancia da natureza. Durante eses días, fixemos unha morea de actividades...




-SEMENTAMOS-



-TRASPLANTAMOS-



Ampliamos
vocabulario!






EXPERIMENTAMOS-



COA AUGA...



COA LUZ...



Que interesante!



CO OLFACTO...



*Mmm...
Que ben ule!*



CO TACTO...


Utilizamos materiais da natureza (piñas, madeira, paos, folliñas...) para facer composicións dando renda solta á nosa imaxinación e creatividade. Ás veces, o máis sinxelo resulta ser o máis motivador!!





-DESCUBRIMOS-


A CLOROFILA



Traballando de maneira manipulativa, experiencial e vivenciada, acadamos aprendizaxes significativos que perdurarán TODA A VIDA!!



-XOGAMOS-






-CREAMOS-




-REPRESENTAMOS O APRENDIDO-

Canto aprendemos!!




o Camiño da Biblioteca



Os menos e nenas de 4º do Ceip Frei Luís de Granada fixemos unha actividade para fomentar o uso da biblioteca do centro. Pensamos que sería boa idea relacionar a biblioteca co Camiño de Santiago, que tan importante é na nosa vila.

Primeiro cada un elaborou un marcapáxinas, con frases que fixesen pensar no bonita e interesante que pode ser a lectura. Tratamos con eso de que cada vez no noso colexio disfrutemos coas aventuras e historias que veñen nos libros.




Máis tarde, con todos os marcapáxinas, fixemos unha composición que representaba un dos símbolos do Camiño de Santiago, a Concha do Peregrino. Cada clase a súa.




Despois quixemos representar as siluetas duns peregrinos no seu percorrido. Quedaron ben chulas, verdade?




Xa por último, elaboramos unha frecha que nos indica o camiño á biblioteca, para que ninguén se perda e cada vez a tiñamos máis en conta no noso percorrido diario.



ALUMNOS/AS 4^º E.P



ATA O INFINITO E MÁIS ALÁ





O ESPAZO VISITAMOS E OS PLANETAS ESTUDAMOS



1º C



"DE AQUI PARA ALÁ"

**"De aquí para allá"
é un proxecto
musical no que a
contacontos Lidia
Botana conta unha
historia dunha
bolboreta que vai
polo mundo na
procura de algo
que faga feliz ao
seu amigo Gali.**




**CONTACONTOS:
LIDIA BOTANA**



**Á vez que a
bolboreta viaxaba,
Lidia Botana
ensináballes aos
nen@s de 5 anos
costumes, xéneros
musicais,
instrumentos e
bailes típicos dos
diferentes
continentes.**

DINOSAURIOS

Os nenos/as de 4º de Infantil (3 anos) viaxamos pola época dos dinosaurios e aprendemos moitas cousas: como nacen, os seus nomes, que comen, como atacan e se defenden...



Vimos nacer un dinosaurio dun ovo na nosa propia clase!



Buscamos ósos no areeiro como auténticos paleontólogos.





Buscamos entre virutas de madeira para atopar dinosaurios e clasificalos, usando tarxetas coa súa imaxe e nome.



Rescatamos dinosaurios atrapados no xeo probando a rompelo, a metelo en auga, a botarlle sal, a deixalos ao sol... Sentimos o frío e comprobamos que o xeo se convertía en auga.





Ata nos deu tempo a
facer arte! Fixemos un
mural con pratos de
cartón pintados con
témperas de cores para
facer os noso
dinosaurios.

Foi súper
divertido

SARRIA CONCILIA

**Antes de soar o timbre de entrada ao cole...o servizo "Sarria Concilia" recibe aínda un pouquiño durmidos a moitos nenas/as .
O obxectivo do programa é facilitar a conciliación familiar a moitos de vós tanto no servizo de madrugadores como despois de xantar.
Un programa cheo de actividades ao longo de curso...**



DÍA DA NAI EXCURSIÓN Á ILLA MALALA PASCUA HALLOWEEN



INTERCAMBIO LIBROS



CAMPAÑA CONTRA O BULLING





Sarria concilia




VISITA A XERMÁN






Circuitos en marcha !



Os alumnos de 6º de para a clase de Ciencias Naturais realizaron circuitos eléctricos e electroimáns. Ademáis fixeron exposicións oráis explicando a súa elaboración e funcionamento. Amosamos unha parte dos seus traballos. Como podedes ver son uns xenios.





6° A/6° B

PLAN XERMOLA



CONTA CONTOS

PON ATENCIÓN...

UN PASO POLA HISTORIA DAS LETRAS GALEGAS

O día das letras galegas é unha celebración instituída en 1963 pola Real Academia Galega para homenaxear a aquelas persoas que destacasen pola súa creación literaria en idioma galego ou pola súa defensa de dicha lingua. Cada ano adicase a unha personalidade diferente, escollida pola Real Academia Galega, tendo en conta que se esixen al menos dez anos dende o seu falecemento. Dende a instauración de esta celebración, soamente en 1998 houbo unha adicación conxunta aos poetas medievales Martín Códax, Xoán de Cangas e Mendinho, gamosos polas súas cantigas. A fecha de celebración deste evento, o 17 de maio, débese a que en tal día coma ise, en 1863, publicouse en Vigo o primeiro exemplar da obra Contares Galegos de Rosalía de Castro, que marcou o inicio do "Rexurdimento" o renacemento cultural de Galicia. É festivo en Galicia.

Dende 1963 ata a actualidade foron homenaxeados os seguintes autores:

- 1963 - Rosalía de Castro
- 1964 - Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
- 1965 - Eduardo Pondal
- 1966 - Francisco Añón
- 1967 - Manuel Curros Enríquez
- 1968 - Florentino López Cuevillas
- 1969 - Antonio Noriega Varela
- 1970 - Marcial Valladares Núñez
- 1971 - Gonzalo López Abente
- 1972 - Valentín Lamas Carvajal
- 1973 - Manuel Lago González
- 1974 - Xoán Vicente Viqueira
- 1975 - Xoán Manuel Pintos Villar
- 1976 - Ramón Cabanillas
- 1977 - Antón Villar Ponte
- 1978 - Antonio López Ferreiro
- 1979 - Manuel Antonio

- 1980 - Alfonso X el Sabio
- 1981 - Vicente Risco
- 1982 - Luís Amado Carballo
- 1983 - Manuel Leiras Pulpeiro
- 1984 - Armando Cotarelo Valledar
- 1985 - Antón Losada Diéguez
- 1986 - Aspiúna Igrejosa Albacino
- 1987 - Francisco Herrera Garrido
- 1988 - Ramón Otero Pedraya
- 1989 - Celso Emilio Ferreiro
- 1990 - Luís Pimentel
- 1991 - Álvaro Cunqueiro
- 1992 - Fermín Boue Brey
- 1993 - Eduardo Blasco Amor
- 1994 - Luís Seoane
- 1995 - Rafael Diez
- 1996 - Xosé Ignacio Ferro Cousado
- 1997 - Anxel Fole
- 1998 - Xoán de Cangas, Martín Códax y Mendinho
- 1999 - Roberto Blanco Torres
- 2000 - Manuel Murguía
- 2001 - Eladia Rodríguez
- 2002 - Fray Martín Sarmiento
- 2003 - Antón Avilés de Taramancos
- 2004 - Xaquín Lorenzo Xosé
- 2005 - Lorenzo Varela
- 2006 - Manuel Lugo Freire
- 2007 - María Mariño
- 2008 - Xosé María Álvarez Blázquez
- 2009 - Ramón Piñeiro López
- 2010 - Uxío Novoneyra
- 2011 - Lois Pereiro
- 2012 - Valentín Paz Andrade
- 2013 - Roberto Vidal Bolaño
- 2014 - Xosé María Díaz Cas
- 2015 - Xosé Figuera Valverde
- 2016 - Manuel María



- 2017 - Carlos Casares Mourino
- 2018 - María Victoria Moreno Márquez
- 2019 - Antón Fraguas
- 2020 - Ricardo Carballo Calero
- 2021 - Xela Arias
- 2022 - Florencio Delgado

Este último é o actor honoraado nas Letras Galegas 2022, polo que lle adicamos unha breve biografía.

FLORENCIO DELGADO GURRIÁN

Categoría: Escritor.

Fecha de Nacemento: 27 de agosto de 1903 - 14 de maio de 1987

Lugar de Nacemento: Córrego (Ourense)

CURRÍCULUM

Cando tiña seis anos trasladouse a Ourense e posteriormente a Palencia, onde cursou estudos de bacharelato. Entre 1914 e 1924 estudou dereitos en Valladolid. De regreso a Córrego (Ourense), traballou como pasante nun gabinete de abogados de Valdeorras e se fixo socio protector do seminario de estudos galegos.

OBRAS REALIZADAS

Comezou a publicar poesías en "A Nosa Terra" e no "Heraldo de Galicia". En 1933 ingresou no partido galeguista e un ano máis tarde publicou na revista "Nos" a súa primeira selección titulada "Bebedeiras". Tras o comezo da guerra civil exiliouse primeiro a Portugal e Francia e tres anos máis tarde a México, onde exerceu diversos profesions. No exilio colaborou con varias organizacións como a Alianza Nacional Galega o ateneo de Galicia en México u o Xogar Galego; ademais dirixiu a revista "Saudade". En 1944 participou como mandatario do partido Galeguista no pacto Galeuzca, formando parte do consello de Galicia en México. Tras a constitución do patronato da cultura Galega en México que impulsou a creación da revista "Vieiros", Florencio Delgado participou na súa dirección xunto con Carlos Velo e Luis Sobr. En 1963 publicou "Galicia infanda" e en 1981 "Cartuneras". Cinco anos máis tarde publicou en México o seu último libro titulado




"O soño dun Guieiro".

OUTROS DATOS DE INTERÉS

En 1976 e 1981 volveu a Galicia para tomar posesión de seu cargo como membro da Real Academia Galega do Instituto de Estudos Valdeorreses.


A Real Academia Galega elixiu a Florencio Delgado Gurriarán, para adicarle o día das Letras Galegas do ano 2022.



60 C

LETRAS GALEGAS

Semana das letras, momento de recordar a Florencio M. Delgado Gurriarán e a todos os seus predecesores. Tempo no que os nosos escritores e escritoras son lembrados e postos en valor nas escolas. A nosa non foi menos, e despois da nosa "Querida Xela", Florencio tomou o protagonismo neste mes de Maio do 2022. Os alumnos/as de Ed. Infantil, recitaron os seus versos... Sairá de aquí un futuro homenaxeado/a?



Visitamos a exposición didáctica...e participamos no Certame Literario. Os nosos poemas e debuxos sorprendieron a compañeiros/as e xurado. Noraboa a todos os participante e parabéns aos premiados!!!!



NORABOIA!!!!

Facemos un tramo do camiño



-Aexcursión-

O percorrido que fixemos estivo moi ben e foi moi entretido. Rematei cansa, pero valeu a pena.

Coñecemos unha parte do camiño de Santiago, sacáronnos unhas fotos, vimos a natureza e ata atopamos un tronco que tiña uns paxariños.

Pódese dicir que foi fantástico.



Despois da andaina, chegamos ó albergue e á piscina.

Primeiro, paramos para que os profesores nos explicaran e cando remataron, xa puidemos entrar. Todos correron para coller sitio na piscina; pero as miñas amigas e eu, preferimos sentarnos nunhas cadeiras. Ía un frío que me conxelaba!

Unha hora despois, saíu o sol. E un *profe* exclamou: *Oh, este sol é fermoso!*. Viva Juan Carlos! *Ámote, aínda que algunhas veces te odie.* - dixo. Por que?. Non preguntei.

Veña! Que me estou saído do tema da excursión. Sigamos!



-A compra-

Tomamos un pouco o *sol*, e ... chegou ... a hora da COMPRA!

Fomos mercar unhas cousas (*bueno*, eu só unha cousiña). Merquei, por 3 euros, unha pulseira. Primeiro quería unha cuncha, pero tamén quería algo bonito para miña nai, así que escollín a pulseira.



-Abanda do autobús-



Estábamos todos listos para a volta. Subímonos ao autobús. E regresamos.

No autobús, unha banda comezou a cantar. Todos (literalmente) estábamos cantando.

Hai que aclarar que foron cancións "boas". E, na canción "*el jueguito del autobús*", tamén se uniron os *profes*.

-Chegada-

Sobre as dúas, chegamos ao colexio (algúns cos oídos doídos) pero, en xeneral, todos ben.

Para rematar o día, os "de comedor" fóronse ao comedor e os "de casa", á casa.

-FIN-



5º A e 5º B

Pasaxeiros ao tren!!



OS ALUMNOS/AS DE 1º CICLO DISFRUTAMOS DUNHA SAÍDA AO MUSEO DO FERROCARRIL DE GALICIA, SITUADO EN MONFORTE DE LEMOS. TIÑAMOS MOITÍSIMAS GAÑAS DE IR DE EXCURSIÓN!!!!



VIMOS COCHES E LOCOMOTORAS DE ÉPOCA, ASÍ COMO OS TALLERES DE REPARACIÓN.



PARA REMATAR A VISITA, DISFRUTAMOS DUNHA VIAXE MOI DIVERTIDA A BORDO DUN "MINITREN".



**¡AGARRÁDEVOS
CURVA Á
ESQUERDA!**



**GUSTOUNOS
MOITO A
"ROTONDA
FERROVIARIA" QUE
É UNHA NAVE
CIRCULAR DE 38
VÍAS, QUE SE
ENLAZAN A
TRAVÉS DUNHA
PONTE XIRATORIA
E QUE SE UTILIZA
PARA INVERTIR A
MARCHA DAS
LOCOMOTORAS.**



**REMATAMOS A EXCURSIÓN , DESCANSANDO E XOGANDO NO PARQUE.
UN DÍA FANTÁSTICO!!!**



Tempo de despedidos...

Chegado Xuño , chega o momento da despedida. Atrás queda aquel día no que temerosos entrástedes pola porta do Frei Luís. Seguro que vós non vos lembrades, pero as vosas familias recordarán os vosos primeiros días con multitude de anécdotas.

Comezaba unha nova aventura fóra da vosa casa. Era o momento de empezar a voar sós .

Anos de esforzo, de traballo, de superación personal, de exames...pero supoñemos que tamén de recompensas, de sorrisos e momentos que formarán parte importante do libro da vosas vidas.

Nós sentímonos orgullosos/as da xeración que hoxe nos abandona; comezades unha nova andaina aquí pretiño, ao nosos carón.

Esperamos que levedes un bo recordo da vosa etapa educativa compartida connosco e unhas aprendizaxes académicos e persoais que vos faciliten o inicio no Ensino Secundario .

Son moitos os interrogantes que se vos plantexan ,non vos preocupedes, é normal, pero estados listos e preparados para superalos!

Aproveitade todas oportunidades que se vos abran e traballade sobre todo para ser cada día mellores persoas.

Lembrade sempre que aquí estamos, que as portas do Frei Luís fican abertas para vós .

A vosa escola e os vosos mestres/as agardaravos sempre cos brazos abertos.

Moita sorte e ...BO CAMIÑO!

